13.ª CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA OS ESTUDANTES GAÑADORES DE OLIMPÍADAS CIENTÍFICAS

CURSO ACADÉMICO 2019/2020

A Universidade da Coruña (UDC), co fin de fomentar as actividades de extensión universitaria como medio de promoción do coñecemento, así como de incentivar a calidade na formación do estudantado que accede por primeira vez aos estudos universitarios, fai pública a 13.ª convocatoria de axudas para os estudantes clasificados en primeiro, segundo ou terceiro posto nas olimpíadas de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía ou Xeoloxía, nas súas fases local, autonómica ou nacional.

1. Obxecto das axudas

O obxecto desta convocatoria consiste en recoñecer o labor realizado polo estudantado nas diversas fases das olimpíadas científicas das áreas de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía ou Xeoloxía, nas súas fases local, autonómica ou nacional, e premiar os resultados dos primeiros, segundos e terceiros clasificados.

2. Requisitos

Poderán solicitar esta axuda da UDC o estudantado que cumpran os seguintes requisitos:

a) Terse matriculado por primeira vez no curso académico 2019/2020 en calquera das titulacións oficiais de Grao ou Programa de Simultaneidade de Grao, impartidas nos centros propios da UDC.

b) Ter finalizado os estudos de bacharelato no curso 2018/2019.

c) Ao longo do curso 2018/2019, terse clasificado no primeiro, segundo ou terceiro posto das olimpíadas científicas de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía ou Xeoloxía nas fases local, autonómica ou nacional.

d) Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Todos os requisitos relacionados neste artigo deberán posuírse no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes

3. Forma, prazo e lugar de presentación das solicitudes

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) o modelo que figura como Anexo I desta convocatoria e que poden descargar na seguinte ligazón https://www.udc.es/gl/sape/descarga_documentos/

b) Certificado acreditativo da condición de primeiro, segundo ou terceiro clasificado na fase local, autonómica ou nacional dalgunha das olimpíadas científicas (Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía ou Xeoloxía).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UNT1RJAA5FVP6PP6D192VMCH
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/05/2019 14:53:15 Página 1 de un total de 5 página(s).

O prazo de presentación de solicitudes contará **desde 16 de xullo ata as 14:00h do 30 de setembro de 2019.**

As solicitudes presentaranse, segundo o modelo que figura no Anexo I e a documentación xustificativa, nos rexistros desta universidade, dirixidas ao Servizo de Estudantes-SAPE, nas seguintes localizacións:

a) Rexistro Xeral: Reitoría, rúa da Maestranza 9, baixo, 15001 A Coruña.

b) Rexistro Auxiliar: Campus A Zapateira-Facultade de Ciencias, baixo, 15071 A Coruña.

c) Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, baixo, 15403 Ferrol.

d) Sede electrónica UDC: https://sede.udc.gal/

e) Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Procedemento e criterios de selección das persoas adxudicatarias

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Estudantes comprobará que as persoas solicitantes cumpran os requisitos establecidos no apartado 2 da convocatoria.

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, procederá á publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC da relación provisoria de persoas admitidas e excluídas, estas últimas xunto coa causa que implica a súa exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles para presentar unha reclamación e/ou achegaren a documentación que permita emendar os erros detectados.

A valoración das solicitudes presentadas e a selección das persoas adxudicatarias das axudas, será efectuada pola Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno, cuxa composición pode consultarse na seguinte ligazón: https://www.udc.es/gl/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_goberno/comisions_estables/index.html

Vicerreitoras
- Amor López, Margarita
- García de la Torre, M.ª Pilar

Profesorado
- Ávila Álvarez, Adriana Ivette
- Calvo Rolle, José Luis
- Dopico Calvo, Xurxo
- Ladra González, Susana
- Busto Lago, José M.
- Martín Santamaría, María José

Representantes do estudantado
- Bañón Goiriz, María
- Rey Furelos, Martín

Representantes do persoal de administración e servizos
- Caruncho Gil, M.ª Eugenia
- *Vacante*

O criterio de selección será terse clasificado ou non no primeiro, segundo ou terceiro posto dalgunha das olimpíadas científicas organizadas no Estado.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UNT1RJAA5FVP6PP6D192VMCH
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/05/2019 14:53:15 Página 2 de un total de 5 página(s).

5. Número de axudas, dotación económica e financiamento

Concederase un máximo de dezaoito axudas, repartidas do seguinte xeito:

a) Seis axudas de 715 € para cada persoa das primeiras clasificadas, nalgunha das fases das olimpíadas científicas referidas nesta convocatoria.

b) Seis axudas de 450 € para cada persoa das segundas clasificadas.

c) Seis axudas de 370 € para cada persoa das terceiras clasificadas.

Estas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 0300030006.422D.480.01 Axudas Olimpíadas Científicas-VEPEU.

O importe da axuda estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

7. Natureza da relación coa persoa seleccionada coa UDC

As persoas seleccionadas non adquiren ningunha relación laboral nin administrativa coa UDC, nin a selección implica ningún compromiso en canto á súa posterior incorporación ao cadro de persoal desta universidade.

8. Incompatibilidades

Estas axudas serán incompatibles cos *Premios da Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato e nos Ciclos Formativos de Grao Superior.*

9. Resolución da convocatoria

As axudas concederanse mediante resolución administrativa da presidenta da Comisión de Extensión Universitaria, a vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, que se fará pública no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC cos efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada perante o reitor da UDC consonte os artigo 121 e 122 da citada lei.

10. Protección de datos

De acordo co que está previsto no "Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos" e na "Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais", informamos de que os datos solicitados neste formulario son necesarios para a tramitación da solicitude e poderán ser obxecto de tratamento automatizado.
Segundo o artigo 13 do "Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos", vostede ten dereito a lle solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao devandito tratamento, así como a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Poderá exercer estes dereitos

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UNT1RJAA5FVP6PP6D192VMCH
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/05/2019 14:53:15 Página 3 de un total de 5 página(s).

por medio dunha solicitude remitida ao seguinte enderezo: R/ Maestranza 9, 15001, A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto xunto cunha fotocopia do seu DNI. Tamén poderá dirixir a solicitude directamente ao delegado de protección de datos cuxa identidade e datos de contacto son: Luz María Puente Aba, R/ A Maestranza 9, 15001 A Coruña (España), teléfono: 881011605 e 881011161, correo-e: dpd@udc.gal
Igualmente ten vostede dereito a presentar a súa reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A Coruña, 28 de maio de 2019
A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor López

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UNT1RJAA5FVP6PP6D192VMCH
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/05/2019 14:53:15 Página 4 de un total de 5 página(s).

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

13.ª CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA OS ESTUDANTES GAÑADORES DE OLIMPÍADAS CIENTÍFICAS

CURSO ACADÉMICO 2019/2020

Nome e apelidos: .....

DNI: ..... Teléfono: .....

Correo electrónico: .....@udc.gal

Enderezo para os efectos de notificación: .....

Poboación/Provincia: ..... Código postal: .....

Centro da UDC en que está matriculado/a: .....

.....

Titulación en que está matriculado/a: .....

.....

Olimpíada/s científica/s á/s que concorreu: .....

.....

Fase/s en que concorreu: .....

.....

Posto/s acadados na/s olimpíada/s: .....

.....

A Coruña/Ferrol, ... de ..... de 2019

SRA. VICERREITORA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

❑ Certificado/s acreditativo/s do/s posto/s acadado/s nas olimpíadas a/s que concorreu

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UNT1RJAA5FVP6PP6D192VMCH
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/05/2019 14:53:15 Página 5 de un total de 5 página(s).